



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/24	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de xuño de 2018
Duración	Desde as 19:01 ata as 19:30 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 11 de xuño de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 11 de xuño de 2018.

Expediente 2462/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por E.G.G., na que solicita a renovación dun sinal de pasaxe permanente nº x que ten instalado en rúa xx Cangas.

Visto, así mesmo, o informe favorable emitido en data 01.06.2018 pola Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente nº x, solicitada pola Sra. G.G..

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

Expediente 2964/2018. Solicitud de sinalización

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude de "Iglesias Salud SLU", para a instalación de sinal de pasaxe permanente en rúa xx Cangas, de conformidade co informe emitido en data 11.06.2018 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Que na quenda de tarde do día 11.06.2018, se procede a comprobar a viabilidade para a concesión de un sinal de pasaxe permanente en rúa xx, a instancia de 'IGLESIAS SALUD SLU'.

Que no lugar existe unha zona habilitada para carga e descarga de luns a sábado, en horario de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

Que o lugar para onde se solicita o sinal son as instalacións de oficinas e almacén de

Concello de Cangas



'Exclusivas Iglesias'.

Que non procede a concesión de un sinal de pasaxe permanente, xa que non existe unha entrada e saída de vehículos do lugar, tan só é a entrada para o almacén, pero non poden acceder nin saír vehículos deste, xa que non está habilitado como entrada de carruaxes".

Expediente 2711/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de M.S.G., de sinalización horizontal de reserva de vía pública para a entrada da súa vivenda sita no lugar xx, por padecer minusvalía e visto o informe emitido en data 31.05.2018 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Non existe inconveniente en que se conceda a reserva da vía pública, xa que si estacionan os vehículos diante da porta da súa vivenda non ten espazo suficiente para unha cadeira, xa que a pequena beirarrúa de cemento existente ten un escalón pola parte inferior e un alto pola superior.

Mencionar que xa existe unha sinalización amarela horizontal pintada na entrada, estando na actualidade practicamente borrada".

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación existente no expediente de solicitude de M.S.G. para reserva de vía pública na entrada da súa vivenda, de conformidade co informe emitido en data 31.05.2018 pola da Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar a solicitude da Sra. S.G., para sinalización horizontal de reserva de vía pública con pintado de amarelo na entrada da vivenda sita no lugar xx.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e aos servizos municipais correspondentes para que procedan á maior brevidade posible á sinalización autorizada.

Expediente 2191/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 2191/2018.- EXPEDIENTE N° 22.913.- LICENZA N° 22.173.- Autorizar a modificación da licenza de obras n° 22.1.73, outorgada a E.B.R., con enderezo en XX, para no lugar da Pedreira-Coiro, regulado pola ordenanza 9, solo urbano de nucleo rural (URNU), construír unha vivenda unifamiliar de conformidade coas superficies: soto de 102,41 m2.; planta baixa de 132,57 m2.; primeiro andar de 95,17 m2.; e 20,86 m2., de terrazas, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto XX, visado en data 20 de abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a cento oitenta e sete mil novecentos vinte e nove euros con dezaseis céntimos (187.929,16 €).



Expediente 2829/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2829/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en XX, para en rúa XX (referencia catastral XX) (Expte. nº: UD: 248318040049), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 1 metro de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada e data 23 de maio de 2018 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose empraizar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 1424/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1424/2018.- Conceder a C.S.S., titular do DNI Nº X, con enderezo a efectos de notificacións no lugar XX, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para construción de muro de contención de terras no lugar de Camiño da Bouza-A Madalena (referencia catastral XX), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto XX de data febreiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a dez mil catrocentos oitenta e tres euros con quince céntimos (10.483,15 €).



Expediente 4632/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4632/2017.- Outorgar a M.C.M., con enderezo en XX, licenza de obras para no lugar de Xian, nº X-O Hío, regulado pola ordenanza 11, solo non urbanizable de nucleo rural (SNUN), rehabilitar unha vivenda en planta baixa en 49,65 m2.; e ampliar en 52,65 m2., de aproveitamento baixo cuberta (referencia catastral XX), de conformidade co proxecto de execución elaborado polos arquitectos XX e XX, de data de visado 19 de marzo de 2018. Deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que p presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a trinta e un mil trescentos sesenta e cinco euros (31.365,00 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal de 81,50 m2., formalizada en escritura de cesión o 5 de febreiro de 2018, perante o notario XX, subsanando a formalizada o 21 de decembro de 2017, e a fianza para garantir as obras de urbanización depositada no Banco Santander, por importe de mil douscentos corenta e tres euros con cincuenta e cinco euros (1.243,55 €), o 19 de setembro de 2017.

Expediente 4904/2017. Licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 22.02.2018 da xefa de urbanismo, referente a solicitude de "EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL", de segregación urbanística, que di o seguinte:

"Visto que en data 19.09.2017 e 22.02.2018 se remitiu, por quen subscribe, este informe do expediente nº 4904/2017 á Xunta de Goberno Local para a concesión da preceptiva licenza para reorganización de parcelas rústicas en monte de Bouzas, s/n, solicitada por 'EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL', de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto Javier Rial Lemos de data xullo de 2017.

Resultando que o expediente quedou sobre a mesa sen resolver, malia de contar cos preceptivos informes técnicos e xurídicos favorables, de conformidade co previsto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Tendo en conta que o pasado 25 de outubro de 2017 (registro de entrada nº 12.528), J.B.D. presenta un escrito solicitando a paralización do expediente ata que recaiga sentenza definitiva e firme no PO nº 1081/2015, tramitado en virtude de demanda interposta polo expoñente, en reclamación da propiedade dos montes de Aldán e que na actualidade está en trámite de apelación perante a Audiencia Provincial de Pontevedra, ao sinalar que estes predios forman parte dos terreos reclamados. Ante este escrito deuse traslado deste ao solicitante, o cal, en data 20.12.2017 (registro de



entrada nº 14.793), sinala que 'EXPLORACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL', nunca foi reclamada nese procedemento nin en ningún outro no que se discutira a propiedade das súas parcelas.

Visto canto antecede, comprobado a existencia de títulos de propiedade e documentación técnica no expediente que acreditan a propiedade e superficie das parcelas obxecto do expediente e de conformidade co establecido no artigo 349 do Regulamento da Lei do solo de Galicia que dispón que:

'Non se poden denegar ou outorgar licenzas urbanísticas con base nas determinacións de planeamentos futuros nin condicionadas á aprobación destes. Tampouco poderán outorgarse aquelas que requiriran outras autorizacións ou informes administrativos previos, ata que sexan concedidas ou emitidas, nos termos regulados na lexislación sectorial vixente.

3. As licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento urbanístico que se incumpran no proxecto para o que se solicita.'

Reitérase a proposta remitida no seu día á Xunta de Goberno Local para a concesión da licenza para reorganizar a propiedade solicitada por 'EXPLORACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL', toda vez que non consta solicitada en vía xudicial ningunha medida cautelar que afecte a realización de actos como o solicitado sobre as parcelas de referencia e o resultado da tramitación deste expediente non afecta ao resultado do pleito, proposta do seguinte teor literal:

EXPEDIENTE Nº 4904/2017.- Visto o expediente de solicitude de licenza de segregación urbanística que promove 'EXPLORACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL', con domicilio a efectos de notificacións en XX, titular do CIF nº XX, consistente en segregar parte da finca sita en Monte das Bouzas, s/n (referencia catastral XX), para a súa posterior incorporación ao predio nº XX, de conformidade cos proxectos elaborados polo arquitecto XX en data xullo de 2017 Concello de Cangas e nova documentación de data agosto de 2017, rectificando algún erro tipográfico do proxecto presentado inicialmente.

Vistos os informes técnicos emitidos, proponse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Outorgar a 'EXPLORACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL', licenza de segregación da parcela nº XX, sita en Monte das Bouzas, s/n, das seguintes características: superficie de 7000 m²., cos seguintes lindeiros son: Norte, monte Campelo e outros; Sur: predio que se describe a continuación; Este: 'Granitos Aldán SA'; Oeste: parte do predio descrito na escritura e herdeiros de Pousa, de conformidade co proxecto de segregación elaborado polo arquitecto XX en data agosto de 2017.

SEGUNDO.- A finalidade específica desta segregación é reorganizar a propiedade cuxa descripción das parcelas resultantes sería a seguinte:

Parcela A de 2000 m².

Natureza: solo rústico.



Concello de Cangas

Lindeiros:

Norte: parcela 566 polígono 32 liña recta de 39,56 m.; Sur: parcela 566 polígono 32 e parcela "B": liña quebrada de 13,48 m. e 6,88 m., para un total de 20,36 m., e liña recta de 34,54 m.; Este: parcela 522 polígono 32 liña recta de 65,11 m.; Oeste: parcela 566, parcela 9001, parcela 71, parcela 72, parcela 73, parcela 74, parcela 75 do polígono 32, liña quebrada de 12,15 m., e 11,51 m., para un total de 23,66 m., liña quebrada de 5,56 m., 7,14 m., e 2,20 m., para un total de 14,90 m.; liña recta de 3,54 m.; liña quebrada de 0,23 m., e 5,79 m., para un total de 6,02 m.; liña recta de 7,76 m., e liña quebrada de 5,03 m., e 0,45 m., para un total de 5,48 m.;

Parcela B de 5.000 m²., que se agrupa no mesmo acto sobre a parcela de referencia catastral nº XX, dando como resultado a parcela B de 5.327 m².

Natureza: solo rústico.

Superficie: 5.327,00 m²".

Expediente 2359/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2359/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.C.M., para acondicionamento de terreo sito no lugar de Viñal-San Cibrán-Aldán, de conformidade coa documentación presentada de data 8 de xuño de 2018 (referencia catastral XX). O presuposto de execución das obras ascende a oito mil oitocentos trinta e seis euros con vinte e cinco céntimos (8.836,25 €). Obra no expediente informe favorable do POL de data 8 de novembro de 2017.	

Expediente 2780/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2780/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.C.C., para reparación puntual en fachada da edificación sita no lugar XX, de conformidade coa documentación presentada (referencia catastral XX). O presuposto de execución das obras ascende a douscentos euros (200,00 €).	

Expediente 2704/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2704/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.M.G.,	

Concello de Cangas



titular do DNI nº XX, con enderezo a efectos de notificacións en XX, para conservacion e mantemento de vivenda sita en rúa Buenos Aires, nº X-Cangas (referencia catastral XX), de acordo coa documentación técnica redactada polo arquitecto técnico XX de data 30 de maio de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a seis mil catrocentos oitenta e tres euros con quince céntimos (6.483,15 €).

Expediente 2869/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2869/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA. DE VIGO, 10, titular do CIF nº XX, con enderezo a efectos de notificacións na XX, para impermeabilización de cuberta en edificación sita no referido lugar (referencia catastral XX), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 4 de xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a cincocentos noventa e seis euros con corenta céntimos (596,40 €).

Expediente 1969/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1969/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por 'PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL', para un cerramento de 26,50 ml., sito no lugar de Camiño da Madalena-Darbo (referencia catastral XX, XX), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto XX, de data abril de 2018.

Expediente 443/2017. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 443/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "GLOBAL TENDENCE SL", con enderezo a efectos de notificacións en XX, titular do CIF nº XX, para venda polo miúdo de produtos varios no local sito en rúa Méndez Núñez, nº X-baixo (referencia catastral XX), segundo o informe favorable da arquitecta de data 8 de xuño de 2018.

Expediente 5902/2017. Infracción urbanística nº 32/2016

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 12.06.2018 da



instrutora do expediente de disciplina urbanística nº 32/2016, que é como segue:

"Por M.C.G. executáronse actos consistentes na realización dun cerramento mediante postes e bloques prefabricados de formigón arrimado ao canle do ría Presas e a instalación dunha caseta/galpón, cubrindo un contenedor metálico de transporte, mediante estrutura e chapa metálica de aproximadamente 50 m²., sen o recuado de 4,00 metros do eixo do camiño, sen licenza municipal.

Con data 12 de marzo de 2018 a Xunta de Goberno Local, acordou a incoación de expediente sancionador polas obras realizadas sendo o acordo adoptado do teor literal seguinte:

"Resultando que no lugar de Outeiro-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución se iniciou a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cerramento mediante postes de bloques prefabricados de formigón arrimado ao cauce do río Presas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M.G.G., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve, segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M.C.G. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un cerramento mediante postes de bloques prefabricados de formigón arrimado ao cauce do río Presas, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador



é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Vistos os informes obrantes no expediente do técnico municipal de data 26 de setembro do 2016, ratificado con data 8 de xuño de 2018, no que tipifica as obras como ilegalizables e graves e advertido o erro de transcripción, de conformidade co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de outubro, de procedemento administrativo común das administración pública,

PROPOÑO

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local polo que se incoa expediente sancionador a M.C.G. quedando redactado do seguinte xeito:

Resultando que no lugar de Outeiro-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución se iniciou a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en realizar un cerramento mediante postes de bloques prefabricados de formigón arrimado ao cauce do río Presas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M.C.G., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co



establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M.C.G. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un cerramento mediante postes de bloques prefabricados de formigón arrimado ao cauce do río Presas, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención erecusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".



Expediente 515/2017. Infración urbanística nº 35/2016

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de sanción de data 06.06.2018 da instrutora do expediente de disciplina urbanística nº 35/2016, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M.R.G, instrutora designada polo alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía de data 26.10.2017, en relación co expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello nº 35/2016-515/2017, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de E.G.N. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Donón-O Hío, obras sen licenza consistentes en realizar unha caseta (galiñeiro) arrimado ao lindeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 8 de febreiro do 2017.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 6 de novembro do 2017, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a interesada con data 17.11.2017 presenta escrito de alegacións manifestando que:

- Presentou a comunicación de demolición e adaptación da caseta para restaurar a legalidade en canto á distancia de 3,00 metros desde o lindeiro oeste.*
- Que foron executadas as obras previstas na CP 4198/2017.*
- Que se teña en conta no expediente sancionador que foi reposta a legalidade urbanística voluntariamente.*

Estas alegacións deben seren desestimadas, visto o informe da inspección de obras de data 19.11.2017, no que indica que:

'Sinalar que se demoleron as obras polas que se incoou este expediente de reposición da legalidade urbanística, pero se instalaron uns tubos metálicos a modo de estrutura cunha malla metálica plastificada por enriba sen permiso para iso, polo que considero que a legalidade urbanística segue sen estar reposta'.

Con data 21 de febreiro do 2018, mediante proposta de resolución, concédese un prazo de QUINCE DÍAS para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes perante o instrutor do procedemento e que non puidesen achegarse no trámite anterior.

Con data 2 de abril a interesada presenta escrito de alegacións manifestando que foi retirada a malla horizontal e os tubos metálicos, sendo así reposta a legalidade urbanística, polo que



solicita a redución do 90% na contía da sanción.

Con data 6 de xuño do 2018 a inspección de obras deste Concello emite o seguinte informe:

'Presentado no lugar comprobo que a estrutura metálica que quedaba por retirar, foi retirada, co cal considero que a legalidade urbanística foi reposta'.

Visto o informe da inspección de obras, procede estimar a alegación presentada, polo que se aplicará a redución na contía da sanción nun 90%.

TERCEIRO.- Visto canto antecede, e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba, a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Donón-O Hío, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, puidendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 26 de xullo do 2016.

CUARTO.- Que E.G.N., na súa calidade de promotora, é responsable directa da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6001,00 €). Indicar á interesada que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%; visto o informe do inspector as obras polas cales se sanciona neste expediente foron demolidas.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no artigo 88.7 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter sancionador, a proposta de resolución deberá ser notificada aos interesados nos termos previstos no artigo seguinte.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Impoñer a E.G.N., na súa calidade de promotora, unha multa sancionadora de seiscentos euros (600,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Donón-O Hío, consistentes en realizar unha caseta (galiñeiro) arrimado ao lindeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 8 de febreiro do 2017.

SEGUNDO.- Advertir á interesada que, en caso de pagar voluntariamente a sanción no período voluntario, aplicarase unha redución desta do 50% da sanción imposta. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción de impugación no referido prazo e a amosar por escrito a súa conformidade".



Expediente 2364/2017. Infracción urbanística nº 37/2015

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de sanción de data 07.06.2018 da instrutora do expediente de disciplina urbanística nº 37/2015, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Donón-O Hío, consistentes en realizar unha edificación de planta baixa de aproximadamente 50 m2.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 19 de xaneiro do 2017, a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M.C.L.C., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M.C.L.C., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector



Concello de Cangas

público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía (Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015 e en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85).

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente”.

Expediente 2249/2018. Proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, para aprobación de 2018"

Favorable

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 14.06.2018 do concelleiro de servizos sociais de becas de asistencia ao programa "Enredos de Verán 2018", que é como segue:

"Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas,

PROPÓN

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das becas de asistencia ao programa "Enredos de Verán 2018" a favorecer a integración socio-laboral das persoas responsables dos menores e potenciar a participación das nen

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME MENOR	OPCIÓN DO PROGRAMA	Nº DÍAS SOLICITADOS	CUSTO ACTIVIDADE
E-RC-5013	T.P.E.	B.T.A.	ACTIVIDADES MAÑÁ	20 DÍAS	100,00
E-RC-5062	M.M.E.	G.M.I.	ACTIVIDADES + COMEDOR	29 DÍAS	261,00
		G.M.D.			261,00
E-RC-5063	P.M.S.	M.P.C.	ACTIVIDADES MAÑÁ	38 DÍAS	190,00
E-RC-5064	P.Q.S.	H.P.Y.	ACTIVIDADES + COMEDOR	30 DÍAS	270,00
E-RC-5122	B.P.A.	B.P.S.	ACTIVIDADES + COMEDOR	38 DÍAS	342,00
		B.P.C.			342,00
E-RC-5381	B.A.S.	G.B.A.	ACTIVIDADES MAÑÁ	21 DÍAS	105,00
E-RC-5453	F.G.C.	G.F.A.	ACTIVIDADES MAÑÁ	38 DÍAS	190,00
E-RC-5465	B.P.L.	I.B.A.	ACTIVIDADES MAÑÁ	20 DÍAS	100,00
		B.P.I.		38 DÍAS	190,00
E-RC-5515	J.J.M.	J.J.A.	ACTIVIDADES + COMEDOR	21 DÍAS	189,00
		J.J.E.			189,00
E-RC-5537	P.P.E.	F.P.N.V.	ACTIVIDADES + COMEDOR	29 DÍAS	261,00
		F.P.S.C.			261,00
E-RC-5611	C.R.S.	C.D.D.	ACTIVIDADES + COMEDOR	NÁUTICO	81,00
E-RC-5612	T.O.	P.T.A.	ACTIVIDADES + COMEDOR	NÁUTICO + 4 DÍAS	121,00
E-RC-5613	C.V.L.	F.C.N.	ACTIVIDADES + COMEDOR	NÁUTICO + 4 DÍAS	121,00
E-RC-5614	V.R.S.	V.M.L.	ACTIVIDADES +	22 DÍAS	198,00

Concello de Cangas



Concello de Cangas

		V.M.E.	COMEDOR		198,
E-RC-5638	R.J.T.	B.R.L.	ACTIVIDADES MAÑÁ	22 DÍAS	110,
E-RC-5873	G.G.M.C.	H.G.T.	ACTIVIDADES MAÑÁ	38 DÍAS	190,
E-RC-5874	M.B.M.D.	C.M.I.	ACTIVIDADES MAÑÁ	NÁUTICO + 15 DÍAS	120,
E-RC-5875	P.R.S.	A.P.D.	ACTIVIDADES MAÑÁ	16 DÍAS	80,
E-RC-5876	J.R.D.I.	S.J.F.I.	ACTIVIDADES + COMEDOR	38 DÍAS	342,
		S.J.J.A.F.			342,
E-RC-5877	A.M.T.	C.A.A.	ACTIVIDADES + COMEDOR	38 DÍAS	342,
E-RC-5895	P.P.P.	N.P.A.	ACTIVIDADES MAÑÁ	12 DÍAS	60,
E-RC-5900	G.C.S.	B.G.E.	ACTIVIDADES MAÑÁ	22 DÍAS	110,
E-RC-5953	M.C.A.M. ^a	B.M.S.	ACTIVIDADES MAÑÁ	NÁUTICO + 10 DÍAS	95,
E-RC-5986	A.V.R.M.	A.V.C.S.	ACTIVIDADES + COMEDOR	38 DÍAS	342,
E-RC-6102	D.G.A.	C.D.A.	ACTIVIDADES + COMEDOR	19 DÍAS	171,
E-RC-6103	A.K.	L.W.	ACTIVIDADES + COMEDOR	15 DÍAS	135,
E-RC-6104	M.T.R.	G.M.D.	ACTIVIDADES + COMEDOR	NÁUTICO + 10 DÍAS + COMEDOR	265,
		G.M.L.D.			265,

Concello de Cangas



		G.M.P.A.			265,
E-RC-6105	B.C.L.	P.B.M.X.	ACTIVIDADES + COMEDOR	38 DÍAS	342,
Nº SOLICITUDES PRESENTADAS		Nº MENORES	Nº SOLICITUDES CONCEDIDAS	25 NEN@S 3 NEN@S 5 NEN@S	10 85 50
28		37	24	NEN@S BENEFICIARIOS DAS BECAS	3

Expediente 3008/2018. Proposta do concelleiro de ensino e deportes para aprobación das bases reguladoras para concesión de axudas do servizo de comedor destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e educación primaria dos CEIP de Cangas, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira e CEIP da Rúa (curso 2018/2019)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Ase
ntimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 13.06.2018 do concelleiro de ensino e deportes, referente a concesión de axudas de comedor para alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e educación primaria dos centros escolares públicos de Cangas, para o curso 2018/2019, que é como segue:

"PROPÓN

Á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases reguladoras para a concesión de axudas do servizo de comedor destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e educación primaria dos CEIP de CANGAS, CEIP do HÍO, CEIP de Espiñeira e CEIP da Rúa, para o curso 2018/2019.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria regular o sistema de concesión de becas de comedor,



nos centros escolares que dispoñan deste servizo de catering para o curso 2018 – 2019, dirixidas a menores escolarizados na segunda etapa de educación infantil e educación primaria, nos CEIP de Espiñeira, o Hío, Nazaret e A Rúa.

As axudas de comedor van dirixidas a familias con dificultades socioeconómicas.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

SEGUNDA.- FINALIDADE

O fin último destas subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolletores dos menores, apoiando as unidades familiares que por escasez de recursos económicos non poden afrontar o custo do comedor escolar dos menores.

TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas municipais de comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicalo e reintegralo ao Concello no caso de ter percibida outra axuda.

CUARTA.- SOLICITANTES/BENEFICIARIOS

A presente convocatoria establece como solicitante aos/ás pais/nais ou titor/titora legal dos alumnos/alumnas matriculados para o curso 2018/2019 nos CEIP do Hío, Espiñeira, Nazaret e A Rúa, nos niveis de:

- Educación infantil (2ª etapa): de 3 a 5 anos.
- Educación primaria: de 6 a 12 anos

As subvencións que se outorguen en calquera das modalidades, se realizarán en réxime de concorrència competitiva.

QUINTA.- REQUISITOS

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas os seguintes:

1. A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Cangas.
2. Convivir cos alumnos/alumnas para os que se solicitan as axudas.
3. Estar matriculado para, a segunda etapa de educación infantil ou educación primaria, no curso escolar de 2018/2019, no CEIP do Hío, Espiñeira, Nazaret, ou A Rúa, radicados no termo municipal de Cangas.
4. Débese contar con praza no comedor, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.
5. Que os ingresos económicos da unidade familiar non supere os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano 2017: (150 % IPREM + 15 % por novo membro)

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
--------------------------	-----------------	-----------------



Familia de 2 membros	9.681,05 €	806,76 €/mes
Familia de 3 membros	11.133,21 €	927,77 €/mes
Familia de 4 membros	12.585,37 €	1.048,78 €/mes
Familia de 5 membros	14.037,53 €	1.169,79 €/mes
Familia de 6 membros	15.489,69 €	1.290,80 €/mes

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, así como, os seus fillos solteiros menores de vinteseis anos que convivisen no domicilio familiar ata a data da publicación da presente convocatoria. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia para estes efectos. Nos casos de garda e custodia compartida dos menores para os que se solicita beca, contabilizaranse os ingresos de ambos proxenitores.

Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

Tendo en conta que as axudas están destinadas a familias con dificultades socioeconómicas, as solicitudes que cumpran os requisitos, se valorarán segundo os seguintes criterios: ingresos da unidade familiar, nº de fillos en idade escolar e problemática social. Puntuándose cada unha delas segundo baremo que figura na base oitava das presentes bases. A puntuación individual acadada de cada unha das solicitudes priorizará a orde de concesión, dentro da capacidade orzamentaria consignada para tal concepto.

Poderá valorarse a situación económica do ano 2018 da unidade familiar, sempre que se demostre que o nivel de renda da economía doméstica sufriu un forte decaemento e que neste intre cumpren os requisitos establecidos.

SEXTA.- CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas a conceder mediante a presente convocatoria será de:

- Bonificación do 100 % do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares perceptoras da RISGA ou cunha renda igual ou inferior a contía desta prestación [Ingreso mínimo: 75 % do IPREM (403,38 €) + complemento familiar: 14 % do IPREM mensual adicional polo 2º membro (75,29 €) ; 12 % adicional polo 3º (64,54 €) ; 10 % adicional polo 4º e sucesivos (53,78 €) + complemento de alugamento: 10 % adicional (53,78€), sempre que se xustifiquen gastos por dito concepto]

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	6.389,40 €	532,45 €/mes
Familia de 3 membros	7.163,88 €	596,99 €/mes
Familia de 4 membros	7.809,24 €	650,77 €/mes
Familia de 5 membros	8.454,60 €	704,55 €/mes
Familia de 6 membros	9.099,96 €	758,33 €/mes



Concello de Cangas

Bonificación do 85 % do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % da contía da RISGA (ingreso mínimo + complemento familiar + complemento de alugamento).

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	7.986,75 €	665,56 €/mes
Familia de 3 membros	8.954,75 €	746,24 €/mes
Familia de 4 membros	9.761,55 €	813,46 €/mes
Familia de 5 membros	10.568,25 €	880,69 €/mes
Familia de 6 membros	11.374,95 €	947,91 €/mes

Bonificación do 60% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	8.067,54 €	672,30 €/mes
Familia de 3 membros	9.277,67 €	773,15 €/mes
Familia de 4 membros	10.487,80 €	874,00 €/mes
Familia de 5 membros	11.697,93 €	974,85 €/mes
Familia de 6 membros	12.908,06 €	1.075,70 €/mes

Bonificación do 50% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	9.681,05 €	806,76 €/mes
Familia de 3 membros	11.133,21 €	927,77 €/mes
Familia de 4 membros	12.585,37 €	1.048,78 €/mes
Familia de 5 membros	14.037,53 €	1.169,79 €/mes
Familia de 6 membros	15.489,69 €	1.290,80 €/mes

SÉTIMA.- FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As/os solicitantes presentarán as súas solicitudes a través do rexistro xeral municipal do Concello de Cangas, segundo o modelo que figura como Anexo I, achegadas da documentación acreditativa do cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan avaliar as situacións sociofamiliares.

A documentación que deberá achegar as solicitudes será a seguinte:

Concello de Cangas



1. Fotocopia do DNI, NIE do/a solicitante en vigor.
2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas data de nacemento.
3. Volante de empadramento acreditativo da convivencia familiar, expedido polo Concello.
4. Xustificación da situación económica e laboral do ano 2017, de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos, mediante fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2017, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou certificado negativo, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda, achegada (se é o caso) de:
 - a) Certificacións do INEM sobre prestacións e subsidios de desemprego.
 - b) Certificacións do INSS / ISM sobre pensións e prestacións percibidas.
 - c) Calquera outro documento xustificativo de ingresos (pensións de alimentos dos menores, rendas dos alugamentos ...)
5. Copia do imposto de actividade económicas (autónomos).
6. No caso de non poder acreditar a situación económica cos documentos anteriores, ou cando da situación declarada se desprenda unha falta de medios económicos para subsistir, terán que facer unha declaración responsable dos medios de vida (informe de signos externos).
7. No caso de separación ou divorcio, deberase aportar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.
8. Calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento de resolución.

No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración xurada de compromiso. Dita documentación presentarase antes da proposta de resolución, nun prazo máximo de 10 días. A matrícula do colexio, para curso 2018/2019, será comprobada en coordinación coa dirección dos centros educativos.

OITAVA.- TRAMITACIÓN E REPARACIÓN DE ERROS

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao departamento de servizos sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informándoselle de que, de non o facer, terásele por desistido da súa petición.

As traballadoras sociais de Atención Primaria do Centro Municipal de Benestar Social serán as encargadas de realizar o estudo, avaliación e baremación de cada unha das solicitudes, quedando reflectido nun informe social individualizado.

Una vez feita a valoración de todas as solicitudes, emitirase un informe global comprensivo de todas as solicitudes candidatas ás axudas, que recolla as incidencias avaliadas segundo os seguintes datos:



1. Nº de orde da solicitude, segundo a puntuación na aplicación do baremo.
2. Nome e apelidos do solicitante de axuda.
3. DNI ou NIE.
4. Nome e apelidos do rapaz para o que se solicita a axuda.
5. Contía do aluguer da vivenda ou do crédito hipotecario para a adquisición desta.
6. Ingresos netos medios mensuais da unidade familiar.
7. Nº membros da unidade de convivencia.
8. Nº de membros da unidade de convivencia estudantes.
9. Problemática social.
10. Importe da axuda proposta.
11. Puntuación total obtida.
12. Centro docente no que se atopa escolarizado.

NOVENA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación viran dados polas seguintes variables: ingresos, situación laboral, número de fillos/fillas en idade escolar, outros fillos/fillas estudantes e a problemática social.

O baremo ten por obxecto establecer unha orde de prioridade na concesión das axudas a tenor da maior necesidade estimada. O baremo a aplicar será o seguinte:

1. AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR:

Para avaliar a situación económica da unidade de convivencia partírase dos ingresos medios mensuais establecidos na presente convocatoria. Fixarase como base de cálculo a contía de setecentos noventa e oito euros con setenta e seis céntimos (798,76 €).

A base de cálculo terá un valor constante de 50 puntos. Para efectos de contabilidade da puntuación partírase dos ingresos medios mensuais da unidade familiar (segundo o establecido na base quinta das presentes bases), puntuándose da seguinte forma (Anexo III):

Os ingresos inferiores a base de cálculo, contados a partir dela de forma consecutiva e en sentido decrecente, computaranse por tramos de seis euros (6,00 €). A cada tramo daráselle un valor de 2 puntos. A puntuación final, se obterá incrementando ó valor constante de 50 puntos, o resultado do valor da suma dos tramos indicados.

Os ingresos superiores a base de cálculo, daráselle unha puntuación de menos 1 punto por cada tramo de doce euros (12,00 €) superiores á base de cálculo. A puntuación final se obterá restando o valor constante de 50 puntos, a suma negativa correspondente o resultado do valor da suma de todos os tramos a considerar.

2. AVALIACIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA:

A cada membro da unidade de convivencia se lle dará 1 punto positivo. A suma de todos eles será a puntuación total.

3. AVALIACIÓN POR MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA QUE CURSEN ESTUDOS:



Daráselle un punto positivo a cada un dos membros da unidade de convivencia que estean escolarizados ou cursen estudos no curso 2018/2019, segundo a táboa seguinte:

Nº DE NENOS/NENAS ESCOLARIZADOS/ESCOLARIZADAS	PUNTUACIÓN
1	1 punto
2	5 puntos
3	10 puntos
4	15 puntos
5	20 puntos

AVALIACIÓN TÉCNICA DA PROBLEMATICA SOCIAL:

Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias subxectivas dentro da unidade familiar, que deben ser avaliadas por canto poidan incidir no grao de necesidade. Representa unha avaliación adicional feita polas traballadoras sociais dos servizos sociais de atención primaria do concello, que non pode sobre pasar os 65 puntos.

O baremo para avaliar as circunstancias concorrentes e/ou simultáneas é o seguinte:

PROBLEMATICA SOCIAL	PUNTUACIÓN
1.- Familias incluídas no Programa de Intervención Social no ámbito dos Servizos Sociais de Atención Primaria (RAISS, PARRULOS...)	10 puntos
2.- Familias beneficiarias da RISGA	10 puntos
3.- Familias Monoparentais en desemprego	9 puntos
4.- Familias monomarentais/parentais	8 puntos
5.- Familias con ambos proxenitores en situación de desemprego	8 puntos
6.- Menores en acollemento familiar, formalizado pola Administración	8 puntos
7.- Menor en situación de desprotección	8 puntos
8.- Familias nas que algún/s membro/s estean afectados por algunha minusvalía legalmente calificada ou limitación de saúde que ocasionen situacións de dependencia acreditada de subsistencia da unidade familiar.	5 puntos
9.- Familias cun proxenitor en situación de desemprego.	4 puntos
10.- Familias con ambos proxenitores traballando	4 puntos
Se a situación familiar non se recolle nestas opcións	0 puntos

A puntuación acadada nos apartados 3, 4, 5, 9 e 10 da problemática social non son acumulables.

No suposto de que o número de solicitudes que reúnan os requisitos esixidos superen o importe destinado a estas, darase prioridade ás daquelas familias que obteñan unha maior



puntuación segundo o baremo. No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a listaxe de concesión en orden inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar. De producirse unha igualdade entre dous ou mais expedientes, se terá en conta o número de rexistro de entrada da solicitude.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE E PRAZO DE SOLICITUDE

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, do Centro Municipal de Benestar Social, na paxina web do Concello de Cangas e dándolle difusión aos CEIP de Espiñeira, O Hío, Nazaret e A Rúa.

O prazo de presentación de solicitudes para o curso 2017/2018 será do 2 ao 31 de xullo (ámbolos dous incluídos).

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN CUALIFICADORA

A comisión cualificadora será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación do conxunto das solicitudes presentadas e propondrá a concesión ou denegación das axudas económicas.

A comisión cualificadora estará presidida polo concelleiro delegado de ensino e composta, ademais, polos seguintes membros:

- Concelleiro delegado de Benestar Social.
- Director do Centro Municipal de Benestar Social
- Unha traballadora social de Atención Primaria do CMBS, actuando de secretaria.
- A educadora familiar do concello.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN

A comisión cualificadora elaborará unha proposta definitiva de resolución, que conterá a relación de todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/alumnas, puntuación, expediente, colexio, curso, resolución das axudas, co estado de concedido, denegado ou lista de espera.

Concedidas.- Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total destas non poden superar o crédito consignado.

Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos:

- o A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- o Non aportan a documentación requirida.
- o Non están empadroados.
- o Supera ingresos.
- o O centro non conta co servizo de comedor.
- o O/A alumno/alumna non está matriculado/matriculada.

Lista de espera: coa súa correspondente puntuación. será comunicada aos interesados.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da comisión de cualificación, acordará a aprobación definitiva das axudas, que será comunicada aos interesados polo Centro Municipal de Benestar Social.

DÉCIMO TERCEIRA.- PAGAMENTO DAS AXUDAS E XUSTIFICACIÓN



A contía da axuda concedida aboarase a empresa prestadora do servizo, a mes vencido e previa comprobación polo centro municipal de benestar social da relación de alumnos/alumnas becados/becadas e dos días de comedor escolar utilizados.

O Concello de Cangas asumirá o pago das cotas de comedor dos/das alumnos/alumnas beneficiarios/beneficiarias destas axudas dende a data da resolución definitiva do expediente.

DÉCIMO CUARTA.- FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

O Concello de Cangas financiará estas axudas con cargo a aplicación orzamentaria do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario de Cangas.

DÉCIMO QUINTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios das axudas deberán asumir as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.
- Comunicarlle ao departamento de servizos sociais do Concello as baixas.
- Cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/alumna, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dura.

EXPEDIENTE SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR

CURSO 2018/2019

1.- DATOS DO SOLICITANTE (pai, nai, titor ou persoa cos que convive a/o menor)

NIF	Nome e apelidos
Teléfono	Enderezo

2.- ALUMNOS/AS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA

APELIDOS E NOME	PARENTESCO	CENTRO	CURSO



Concello de Cangas

3.- USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR

Fixo Os días:

Declaro baixo a miña responsabilidade que os únicos ingresos da unidade familiar son os que figuran na documentación que se achega, e autorizo a que se realice a consulta nos ficheiros públicos para acreditarlos.

Cangas de de 2018

O/A SOLICITANTE

Asdo.:

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Cangas relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no rexistro xeral do Concello.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CANGAS

CESIÓN DO DEREITO DE COBRO ANEXO I

A) CEDENTE

D/D^a con N.I.F actuando en nome propio e con poder suficiente para o efecto, transmite os dereitos de cobro correspondentes a axuda municipal de comedor escolar do curso 2017/2018, a empresa prestadora do servizo.

En Cangas, de de 2018.

Asdo.:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE Ó CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

D/D^a con N.I.F como solicitante da Axuda Municipal de Comedor Escolar do curso 2018/2019,

DECLARA, baixo a súa responsabilidade que atópase ó corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos do artigo 14.1.e) da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



En Cangas, de de 2018.

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

- Solicitud, segundo modelo normalizado.
- Impreso de cesión do dereito de cobro, asinado a favor da empresa prestadora do servizo.
- Impreso de declaración responsable de atoparse ó corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.
- Fotocopia do DNI / NIE do solicitante en vigor
- Fotocopia do Libro de familia.
- Volante de empadramento familiar.
- Xustificación da situación económica e laboral do ano 2017, de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, mediante fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2017, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou certificado negativo, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda, acompañada de (se é o caso):
 - a) Certificacións do INEM sobre prestacións e subsidios de desemprego.
 - b) Certificacións do INSS / ISM sobre pensións e prestacións percibidas.
 - c) Calquera outro documento xustificativo de ingresos (pensións de alimentos dos menores, rendas dos alugamentos ...)
- Copia do imposto de actividade económicas (Autónomos)
- No caso de non poder acreditar a situación económica cos documentos anteriores, ou cando da situación declarada se desprenda unha falta de medios económicos para subsistir, terán que facer unha declaración responsable dos medios de vida (informe de signos externos).

NOTA: os servizos sociais municipais poderán solicitar calquera documentación ou aclaración que consideren necesaria".

Expediente 3020/2018. Dación de conta de comunicación de xubilación de empregada municipal

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento e acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 14.06.2018, referente a xubilación de empregada municipal, que é como segue:

"Consultado o expediente da empregada municipal M.L.B.C., con DNI nº X, no que consta que a data de nacemento é do 17.12.1952 (65 anos e 6 meses o día 17.06.2018) cunha antigüidade laboral de 32 anos e que neste momento se atopa en situación de IT.



Concello de Cangas

Vistos os antecedentes e de acordo coa lexislación vixente, proponho á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- *Tomar coñecemento da xubilación da empregada municipal, M.L.B.C., con DNI nºX.*

Segundo.- *Que polo departamento de persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación ordinaria, tendo en conta a situación actual de IT".*

Expediente 2413/2017. X-17/05. Dación de conta de Sentenza nº 476/17 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4306-2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta de data 14.06.2018 da Alcaldía, referente á sentenza nº 476/2017 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que di o seguinte:

"Visto a sentenza nº 476/17 de 11.12.2017 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4306-2017, fronte ao auto do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 12.06.2017, inadmitindo a demanda interposta por J.L.B.V. contra o Concello de Cangas, polo que se tramitou o procedemento abreviado nº 385/2016, que dispuxo no seu fallo:

'Por todo o exposto, en nome do Rei, pola autoridade que lle confire a Constitución, esta sala ten decidido INADMITIR o recurso de apelación interposto por J.L.B.V., representado pola procuradora B.C.B., contra o auto de 12 de xuño de 2017, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado en autos do procedemento abreviado nº 385 de 2016'.

Visto que en data 11.06.2018 o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra ten comunicado a firmeza da mencionada sentenza, dando traslado desta, así como do expediente administrativo remitido.

Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Tomar coñecemento da sentenza nº 476/2017 de 11.12.2017, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4306-2017, interposto por J.L.B.V., fronte ao auto do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 12.06.2017, que inadmitía a demanda interposta contra o Concello de Cangas polo que se tramitou o Procedemento Abreviado nº 385/2016.*

Segundo.- *Dar traslado do acordo adoptado á unidade de Apoio Xurídico á Secretaría".*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850